

maior concentración recomendada para o seu uso.»

Tres. O número 2 do artigo 3 queda redactado como segue:

«2. Os «fertilizantes CE» regularaos o Regulamento (CE) n.º 2003/2003, así como polo previsto nos artigos 8.3.a), 9.1, 12.1.h), no capítulo VII e na disposición adicional primeira deste real decreto.»

Catro. A alínea c) do artigo 8.3 queda redactada da seguinte maneira:

«c) Os fertilizantes clasificados como perigosos, de acordo co Regulamento sobre clasificación, envasado e etiquetaxe de preparados perigosos, aprobado polo Real decreto 255/2003, do 28 de febreiro, e co Regulamento sobre notificación de substancias novas e clasificación, envasado e etiquetaxe de substancias perigosas, aprobado polo Real decreto 363/1995, do 10 de marzo. Non obstante, estes fertilizantes poderanse transportar a granel cando esta operación se realice segundo o estipulado no Acordo europeo sobre transporte internacional de mercadorías perigosas por estrada (ADR), feito en Xenebra o 30 de setembro de 1957 e ratificado por España, e nos seus anexos A e B vixentes.»

Cinco. O número 2 do artigo 14 queda redactado como segue:

«2. Nos produtos con compoñentes orgánicos, o fabricante debe velar polo mantemento da composición, riquezas e demais características garantidas e asegurarse de que seguen cumprindo as condicións especificadas na regulación prevista no anexo V, mediante análises de control con periodicidade, polo menos, trimestral.»

#### **Disposición derradeira primeira. Título competencial.**

O disposto neste real decreto ten o carácter de normativa básica, ao abeiro do establecido no artigo 149.1.16.<sup>a</sup> e 23.<sup>a</sup> da Constitución, que atribúe ao Estado a competencia exclusiva sobre bases e coordinación xeral da sanidade e lexislación básica sobre protección do ambiente, respectivamente.

#### **Disposición derradeira segunda. Entrada en vigor.**

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 28 de decembro de 2007

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno  
e ministra da Presidencia,

MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ

**755** REAL DECRETO 9/2008, do 11 de xaneiro, polo que se modifica o Regulamento do dominio público hidráulico, aprobado polo Real decreto 849/1986, do 11 de abril. («BOE» 14, do 16-1-2008.)

A xestión do risco, un dos aspectos fundamentais que debe abordar un país moderno, é o fío común desta modi-

ficación do Regulamento do dominio público hidráulico, aprobado polo Real decreto 849/1086, do 11 de abril, que persegue como obxectivo a protección das persoas e os bens e mais o ambiente, a través da modificación da normativa sobre inundacións e da introdución dun novo título relativo á seguranza de presas, encoros e balsas. No caso concreto das inundacións, España sufriu as súas consecuencias tanto en repercusións económicas como en perda de vidas humanas. O enfoque tradicional para abordar este risco, consistente en propor solucións estruturais (construción de presas, canalizacións, ribazos de defensa e outros), revelouuse insuficiente, polo que resulta necesario afondar nas medidas de xestión do risco como instrumento fundamental para mellorar a protección da poboación.

Polo que respecta á nova regulación en materia de seguranza de presas, encoros e balsas, hai que pór de manifesto que, debido á peculiar climatoloxía da península Ibérica, que orixina un réxime de precipitacións moi irregular no tempo e no espazo, foi tradicional en España a construción de presas e encoros. Na actualidade, o total de grandes presas de auga construídas en España supera a cifra de mil trescentas, o que nos converte no país europeo con máis obras hidráulicas de tales características, cunha densidade de 2,4 presas por 1000 km<sup>2</sup> e unhas 30 presas por millón de habitantes.

A este número importante de grandes presas en explotación engádense na actualidade outras dúas circunstancias relevantes. En primeiro lugar, o progresivo envellecemento técnico e estrutural das nosas grandes presas, construídas fundamentalmente entre 1955 e 1970, polo que a súa idade media se sitúa ao redor dos 35 anos, e teñen ademais, un 20% delas, unha idade superior aos 50 anos. En segundo lugar obsérvase, cada vez con máis frecuencia, a construción de balsas de auga por iniciativa privada para diferentes usos, fóra da zona de dominio público hidráulico. Nalgunhas ocasións trátase de obras destinadas ao aproveitamento de augas de natureza privada, pero en moitas outras as balsas son anexas ao aproveitamento privativo de augas públicas, aínda que non se localicen no dominio público e se realicen con posterioridade ou con independencia do outorgamento e do contido do título de concesión, de maneira que a Administración hidráulica non sempre ten coñecemento, cando menos formal, delas. Estas balsas quedaron tradicionalmente excluídas do ámbito de aplicación da normativa de seguranza de presas, situación que non se debe prolongar.

Aínda que a porcentaxe e accidentes derivados de roturas de presas no noso país é inferior á media mundial, a crecente sensibilidade social e ambiental fronte a este problema e a necesidade de facer fronte de maneira eficaz ás circunstancias antes mencionadas, fan imprescindible mellorar e incrementar o control da seguranza das presas e encoros.

Respecto do primeiro ámbito de modificación do Regulamento do dominio público hidráulico, a entrada en vigor da Directiva 2000/60/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro de 2000, pola que se establece un marco comunitario de actuación no ámbito da política de augas e a súa transposición ao dereito español, introduciu novos criterios que cómpre ter en conta para a protección do dominio público hidráulico, que se recollen no artigo 92 do texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2001, do 20 de xullo. Por outra parte, a Directiva 2007/60/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro de 2007, relativa á avaliación e xestión dos riscos de inundación, introduce criterios para a xestión deste tipo de riscos que deben ser aplicados polos países membros da Unión Europea.

Este real decreto non é unha transposición da Directiva 2007/60/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do

23 de outubro de 2007, ben que están incorporados os criterios que a devandita directiva establece no que se refire ás zonas inundables. A crecente e rápida presión sobre os leitos, fundamentalmente urbanística, reduce día a día o espazo fluvial, incrementa os riscos fronte ás inundacións e menoscaba a protección ambiental do dominio público hidráulico, exixida pola Directiva 2000/60/CE do Parlamento Europeo e do Consello.

Ambas as directivas, unha xa incorporada á Lei de augas e a outra pendente de incorporación, supoñen o recoñecemento de que o dominio público hidráulico cumpre función ambientais, de protección dos ecosistemas fluviais, de prevención de inundacións e de prestación doutros servizos ambientais que ata o de agora non foran incorporadas de maneira clara e expresa no Regulamento do dominio público hidráulico, polo que a reforma obedece á necesidade de que o seu texto se axuste aos requirimentos que directa e indirectamente supoñen estas novas funcións que a Lei de augas, pola súa banda, xa incorporou conceptualmente e de cara á planificación das bacías conforme o novo modelo que supón a Directiva marco da auga. Por iso, o presente proxecto baséase na competencia do Estado para promulgar lexislación básica de protección do ambiente do artigo 149.1.23.ª da Constitución, sen prexuízo doutros títulos competenciais que se mencionan na disposición derradeira primeira.

Todo isto fai necesario que a Administración hidráulica dispoña con urxencia dunha ferramenta de xestión que lle permita actuar eficazmente contra estes efectos nocivos, que porá á disposición dos cidadáns a delimitación cartográfica do dominio público hidráulico, a zona de fluxo preferente e as zonas inundables, e terá un efecto preventivo que será decisivo para loitar contra as actuacións que producen danos ambientais no sistema fluvial e riscos futuros aos cidadáns.

Así mesmo, a aplicación dos criterios establecidos nestas directivas europeas obriga a modificar algúns aspectos do Regulamento do dominio público hidráulico, tales como a definición de leito, a regulación das zonas que o protexen, a zona de servidume e a zona de policía, e a regulación das zonas inundables. En todos estes elementos deben introducirse, ademais doutros específicos, criterios xerais para a súa protección ambiental, que garantan, así mesmo, a protección das persoas e dos bens.

A definición de leito natural establecida no vixente regulamento, baseada no concepto da máxima enchente ordinaria, amosouse claramente insuficiente en numerosas situacións, polo que resulta imprescindible que os leitos naturais se definan non só a partir de criterios hidrolóxicos, senón atendendo tamén a outras características, como as xeomorfolóxicas e as ecolóxicas, e tendo en conta as referencias históricas dispoñibles.

A protección do dominio público hidráulico, a través das zonas de servidume e de policía, debe previr a súa deterioración e a dos ecosistemas acuáticos e protexer o réxime das correntes en enchentes. En consecuencia, a zona de servidume adquire novas funcións como a protección do ecosistema fluvial e do paso público peonil, ademais das tradicionais de vixilancia, salvamento e amarre de embarcacións. A zona de policía adquire a súa auténtica relevancia na protección do réxime de correntes; fíxanse criterios técnicos para que esa protección do réxime de correntes sexa eficaz, e ponse unha énfase especial na posibilidade de ampliar os 100 metros de largo da devandita zona, cando sexa necesario para a segurancia das persoas e bens, e establécense, así mesmo, criterios técnicos precisos para avaliar tal posibilidade. As zonas que cumpren os dous requisitos anteriores –protexer o réxime de correntes en enchentes e reducir o risco de produción de danos en persoas e bens– denomínanse zonas de fluxo preferente, e nelas o organismo de bacía só poderá autorizar actividades non vulnerables fronte ás

enchentes. Desta maneira, dáse cumprimento ás exixencias da Directiva 2007/60/CE do Parlamento Europeo e do Consello, do 23 de outubro de 2007, que determina que os Estados membros deben incorporar políticas sobre xestión do risco de inundacións que garantan ao máximo a segurancia dos cidadáns, adoptando criterios adecuados de usos do solo, e que permitan a laminación de caudais e de carga sólida transportada ampliando, na medida do posible, o espazo fluvial dispoñible.

As zonas inundables son tamén de gran transcendencia, dadas as consecuencias dramáticas, en perda de vidas humanas e en repercusións económicas, que as inundacións teñen suposto no noso país, sen que as ferramentas dispoñibles na nosa lexislación de augas para a xestión de inundacións resultasen totalmente eficaces. Aínda que as consecuencias das enchentes están, en moitos dos casos, directamente relacionadas coa ordenación do territorio, competencia das comunidades autónomas, a Administración xeral do Estado debe impulsar a colaboración entre administracións e desenvolver mecanismos de xestión do risco, en liña co establecido na directiva de avaliación e xestión do risco de inundación, para incrementar a eficacia na protección da poboación.

Por iso, propónse a elaboración dun Sistema Nacional de Cartografía de Zonas Inundables, que se terá que desenvolver en colaboración coas comunidades autónomas, que achegará unha información moi valiosa para que sexa tida en conta polas restantes administracións no exercicio das súas competencias sobre ordenación do territorio e planificación urbanística, e que será imprescindible para incrementar a segurancia dos cidadáns. Na súa elaboración e desenvolvemento atenderase, na medida do posible, aos criterios e metodoloxía que para a avaliación de riscos e elaboración de mapas de perigosidade e de risco establece a Directiva 2007/60/CE do Parlamento e do Consello, do 23 de outubro de 2007, evitando usar criterios que resulten contraditorios ou disfuncionais respecto dos que imporá a lexislación española que a traspoña ao ordenamento xurídico español.

En canto ao segundo ámbito de modificación do Regulamento do dominio público hidráulico, cómpre sinalar que, con independencia da habilitación que outorga o artigo 123 bis do texto refundido da Lei de augas, o Informe da Comisión Mundial de Presas (World Commission on Dams, Dams and Development, A New Framework for Decision-Making), do 16 de novembro de 2000, estableceu un diagnóstico e unhas recomendacións en materia de segurancia de presas que coinciden coas contidas nesta nova regulación.

Xunto á Instrución para o proxecto, construción e explotación de grandes presas, aprobada pola Orde do Ministerio de Obras Públicas do 31 de marzo, aínda en vigor, coexiste na actualidade a regulación incluída no Regulamento técnico sobre segurancia de presas e encoros aprobado pola Orde do 12 de marzo de 1996, do Ministerio de Obras Públicas, Transporte e Medio Ambiente. Aquela instrución e este regulamento atribúen á hoxe Dirección Xeral da Auga, do Ministerio de Medio Ambiente, certas competencias en materia de segurancia de presas e encoros, aínda que non todas. Pola súa vez, a Directriz básica de planificación de protección civil ante o risco de inundacións, aprobada por acordo do Consello de Ministros do 9 de decembro de 1994, prevé a intervención da devandita dirección xeral para os efectos da clasificación das presas segundo o seu risco e a aprobación dos plans de emerxencia, en cumprimento das prescricións de autoprotección corporativa previstas nos artigos 5 e 6 da Lei 2/1985, do 21 de xaneiro, sobre protección civil.

O conxunto asistemático das devanditas disposicións suscita certas interrogantes xurídicas que deben ser despxeadas. En primeiro lugar, o distinto ámbito subxectivo de aplicación dunhas e doutras disposicións, ao se limitar

o regulamento técnico exclusivamente a aquelas presas en que, por seren da súa titularidade ou por estaren amparadas nun título concesional, existe unha intervención previa da Administración xeral do Estado. En segundo lugar, o carácter preconstitucional da instrución de 1967, allea á repartición de competencias e ao novo mapa autonómico derivado da aprobación da Constitución de 1978. Desta circunstancia deriva, en último lugar, a imprecisión na determinación das administracións e órganos competentes para velar por tal seguranza, ao incidir nunha actividade en que poden concorrer simultaneamente distintos títulos competenciais.

Para velar dunha maneira decidida e eficaz pola seguranza de presas, encoros e balsas é necesario superar esta situación, co fin de que a normativa aplicable determine con claridade as obrigas dos axentes económicos e se axuste á repartición constitucional de competencias entre o Estado e as comunidades autónomas. Para iso, ao abeiro dos disposto polo artigo 123 bis do texto refundido da Lei de augas, determináanse as condicións esenciais de seguranza que deben cumprir as presas e encoros, e establécense as obrigas e responsabilidades dos seus titulares, os procedementos de control da seguranza e as funcións que corresponden á Administración pública, coa finalidade de protexer as persoas, o ambiente e as propiedades.

Establécese como ámbito de aplicación deste novo título do Regulamento do dominio público hidráulico as presas, os encoros e as balsas de augas. Non obstante, como viña ocorrendo ata o de agora, as balsas que almacenan estériles mineiros e residuos seguiranse a rexer pola súa lexislación específica en materia de seguranza mineira. Non se entendeu oportuno estender o ámbito de aplicación destes preceptos aos depósitos de auga, xa que a tipoloxía estrutural e funcional destas infraestruturas difire sensiblemente da de presas e balsas.

Entre as excepcións previstas, seguindo os criterios máis estritos recollidos na normativa dos países europeos en materia de seguranza de presas e encoros, establécese un limiar mínimo, de tal maneira que quedan exceptuadas do ámbito de aplicación, mesmo da obriga de se clasificaren, aquelas pequenas presas cuxa altura sexa menor de 5 metros e teñan menos de 100.000 metros cúbicos de capacidade.

Defínese o titular da presa como a persoa física ou xurídica, de dereito público ou privado, que reúne ou posúe un título xurídico suficiente polo que se encontre habilitado para construír ou explotar unha presa ou un encoro. Nesta definición tiveronse en conta os diferentes títulos habilitantes que o dereito español recoñeceu para acceder ao uso privativo das augas. A definición de titular está, xa que logo, formulada en termos amplos para admitir non só a concesión de augas (título xurídico por antonomasia na Lei de augas) senón tamén as autorizacións, reservas demaniais e outros títulos menos frecuentes que se teñen outorgado nas pasadas décadas e que aínda hoxe perviven.

Respecto das administracións públicas competentes en materia de seguranza de presas, encoros e balsas precísase que a Administración xeral do Estado é competente en relación coas presas, encoros e balsas situados no dominio público hidráulico nas demarcacións hidrográficas intercomunitarias e as infraestruturas de interese xeral do Estado. Exclúense as balsas situadas en zonas correspondentes a demarcacións hidrográficas intercomunitarias cuxa competencia corresponde á Administración autonómica por estaren situadas fóra do dominio público hidráulico.

A Comisión Nacional de Protección Civil, creada pola Lei 2/1985, do 21 de xaneiro, veu sendo foro de coordinación e cooperación entre os órganos da Administración xeral do Estado e das comunidades autónomas en materia de seguranza de presas. Semella conveniente crear

unha Comisión Técnica de Seguranza de Presas, como comisión técnica especializada dentro da citada Comisión Nacional de Protección Civil.

O novo sistema de seguranza descansa sobre dous piares. En primeiro lugar, sobre a base das obrigas exixidas da presa ou balsa, definidas con precisión nas normas técnicas de seguranza. En segundo lugar, mediante o control da seguranza como conxunto de actuacións que debe realizar a Administración pública competente para verificar que o titular cumpriu coas exixencias establecidas nas normas técnicas de seguranza.

En relación coas obrigas do titular, destaca a exixencia de inscrición da presa ou balsa no rexistro, a designación dun equipo técnico garante da adecuada aplicación das condicións de seguranza, a acreditación da solvencia económica suficiente para facer fronte ás exixencias de seguranza, e a cobertura dos riscos que a construción e explotación da presa levan consigo. Respecto á actividade de control exercida pola Administración pública competente, á marxe da identificación de todas as funcións que lle corresponden, como garante último do funcionamento do sistema de seguranza, regúlase o Rexistro de Seguranza, no que se inscribirán, para cada presa ou balsa, todas as actuacións administrativas que se produzan; así como as especialidades derivadas da nova construción ou a gran reparación dunha presa e o seu encoro e, en particular, a declaración acreditativa do cumprimento das exixencias derivadas do control de seguranza, como documento que lles permitirá ás administracións públicas que deban aprobar o proxecto da obra ou autorizar o exercicio das actividades que nesa instalación se realicen, ter previa constancia do cumprimento da normativa de seguranza.

Créase a figura de entidade colaboradora en materia de control da seguranza de presas e encoros, que deberán obter o correspondente título que as habilite e a oportuna inscrición no rexistro especial.

Por último, as disposicións transitorias recollen a necesaria adaptación cara á nova normativa para as presas e encoros que estean en construción ou xa construídos e en explotación no momento da entrada en vigor desta disposición ou ben para os expedientes iniciados e non resoltos na devandita data.

Este real decreto dítase ao abeiro do artigo 123 bis e da disposición derradeira segunda do texto refundido da Lei de augas, que habilita o Goberno para ditar as normas regulamentarias que requiran o seu desenvolvemento e aplicación.

Na súa elaboración participaron os axentes económicos e sociais interesados e as comunidades autónomas, a través da Conferencia Sectorial de Medio Ambiente e do Consello Nacional da Auga.

Na súa virtude, por proposta da ministra de Medio Ambiente e do ministro do Interior, coa aprobación previa da ministra de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 11 de xaneiro de 2008,

#### DISPONGO:

**Artigo único.** *Modificación do Regulamento do dominio público hidráulico, aprobado polo Real decreto 849/1986, do 11 de abril.*

O Regulamento do dominio público hidráulico, aprobado polo Real decreto 849/1986, do 11 de xaneiro, modifícase nos seguintes termos:

Un. Modifícase o título do Regulamento do dominio público hidráulico, que quedará redactado nos seguintes termos:

«Regulamento do dominio público hidráulico que desenvolve os títulos preliminar, I, IV, V, VI, VII

e VIII do texto refundido da Lei de augas, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2001, do 20 de xullo.»

Dous. O artigo 4 queda redactado do seguinte modo:

«1. Álveo ou leito natural dunha corrente continua ou descontinua é o terreo cuberto polas augas nas máximas enchentes ordinarias (artigo 4 do texto refundido da Lei de augas). A determinación dese terreo realizarase atendendo ás súas características xeomorfolóxicas e ecolóxicas e tendo en conta as informacións hidrolóxicas, hidráulicas, fotográficas e cartográficas que existan, así como as referencias históricas dispoñibles.

2. Considerarase caudal da máxima enchente ordinaria a media dos máximos caudais anuais, no seu réxime natural, producidos durante dez anos consecutivos, que sexan representativos do comportamento hidráulico da corrente e que teñan en conta o establecido no número 1.»

Tres. O artigo 6 queda redactado do seguinte modo:

«1. Enténdese por ribeiras as faixas laterais dos leitos públicos situadas por riba do nivel de augas baixas; e por marxes, os terreos que lindan cos leitos.

2. A protección do dominio público hidráulico ten como obxectivos fundamentais os enumerados no artigo 92 do texto refundido da Lei de augas. Sen prexuízo das técnicas específicas dedicadas ao cumprimento dos devanditos obxectivos, as marxes dos terreos que lindan cos devanditos leitos están suxeitas en toda a súa extensión lonxitudinal:

a) A unha zona de servidume de cinco metros de largo para o seu uso público, que se regula neste regulamento.

b) A unha zona de policía de cen metros de largo, na que se condicionará o uso do solo e as actividades que nel se desenvolvan.

3. A regulación das devanditas zonas ten como finalidade a consecución dos obxectivos de preservar o estado do dominio público hidráulico, previr a deterioración dos ecosistemas acuáticos, contribuíndo á súa mellora, e protexer o réxime das correntes en enchentes, favorecendo a función dos terreos estremeiros cos leitos na laminación de caudais e carga sólida transportada.

4. Nas zonas próximas á desembocadura no mar, no ámbito inmediato dos encoros ou cando as condicións topográficas ou hidrográficas dos leitos e marxes o fagan necesario para a seguranza de persoas e bens, poderase modificar o largo das devanditas zonas na forma que se determina neste regulamento.»

Catro. O artigo 7 queda redactado do seguinte modo:

«1. A zona de servidume para uso público definida no artigo anterior terá os fins seguintes:

a) Protección do ecosistema fluvial e do dominio público hidráulico.

b) Paso público peonil e para o desenvolvemento dos servizos de vixilancia, conservación e salvamento, a non ser que, por razóns ambientais ou de seguranza, o organismo de bacía considere conveniente a súa limitación.

c) Varada e amarre de embarcacións de forma ocasional e en caso de necesidade.

2. Os propietarios destas zonas de servidume poderán libremente sementar e plantar especies non arbóreas, sempre que non deteriores o ecosistema fluvial ou impidan o paso sinalado no punto anterior.

As cortas ou plantacións de especies arbóreas requirirán a autorización do organismo de bacía.

3. Con carácter xeral, non se poderá realizar ningún tipo de construción nesta zona salvo que resulte conveniente ou necesaria para o uso do dominio público hidráulico ou para a súa conservación e restauración. Só se poderán autorizar edificacións en zona de servidume en casos moi xustificados.

As edificacións que se autoricen executaranse nas condicións menos desfavorables para a propia servidume e coa mínima ocupación desta, tanto no seu solo coma no seu voo. Deberase garantir a efectividade da servidume, procurando a súa continuidade ou a súa localización alternativa e a comunicación entre as áreas do seu trazado que queden limitadas ou reducidas por aquela.»

Cinco. O artigo 9 queda redactado do seguinte modo:

«1. Na zona de policía de 100 metros de largo, medidos horizontalmente a partir da bacía, quedan sometidas ao disposto neste regulamento as seguintes actividades e usos do solo:

a) As alteracións substanciais do relevo natural do terreo.

b) As extraccións de agregados.

c) As construcións de todo tipo, teñan carácter definitivo ou provisional.

d) Calquera outro uso ou actividade que supoña un obstáculo para a corrente en réxime de enchentes ou que poida ser causa de degradación ou deterioración do estado da masa de auga, do ecosistema acuático e, en xeral, do dominio público hidráulico.

2. Sen prexuízo da modificación dos límites da zona de policía, cando concorran algunhas das causas sinaladas no artigo 6.2 do texto refundido da Lei de augas, a zona de policía poderase ampliar, se for necesario, para incluír a zona ou zonas onde se concentra preferentemente o fluxo, co obxecto específico de protexer o réxime de correntes en enchentes e reducir o risco de produción de danos en persoas e bens. Nestas zonas ou vías de fluxo preferente só poderán ser autorizadas polo organismo de bacía aquelas actividades non vulnerables fronte ás enchentes e que non supoñan unha redución significativa da capacidade de desaugamento da devandita vía.

A zona de fluxo preferente é aquela zona constituída pola unión da zona ou zonas onde se concentra preferentemente o fluxo durante as enchentes, ou vía de intenso desaugamento, e da zona onde, para a enchente de 100 anos de período de retorno, se poidan producir graves danos sobre as persoas e os bens, quedando delimitado o seu límite exterior mediante a envolvente de ambas as zonas.

Para os efectos da aplicación da definición anterior, considerarase que se poden producir graves danos sobre as persoas e os bens cando as condicións hidráulicas durante a enchente satisfagan un ou máis dos seguintes criterios:

a) Que o calado sexa superior a 1 m.

b) Que a velocidade sexa superior a 1 m/s.

c) Que o produto de ambas as variables sexa superior a 0,5 m<sup>2</sup>/s.

Enténdese por vía de intenso desaugamento a zona pola que pasaría a enchente de 100 anos de período de retorno sen producir unha sobreelevación maior que 0,3 m, respecto á cota da lámina de auga que se produciría con esa mesma enchente considerando toda a chaira de inundación existente. A sobreelevación anterior poderá, a criterio do organismo de bacía, reducirse ata 0,1 m cando o incremento da inundación poida producir graves prexuízos ou aumentarse ata 0,5 m en zonas rurais ou cando o incremento da inundación produza danos reducidos.

Na delimitación da zona de fluxo preferente empregárase toda a información de índole histórica e xeomorfolóxica existente, co fin de garantir a adecuada coherencia dos resultados coas evidencias físicas dispoñibles sobre o comportamento hidráulico do río.

3. A modificación dos límites da zona de policía, cando concorran algunhas das causas sinaladas no número 2 deste artigo, só poderá ser promovida pola Administración xeral do Estado, autonómica ou local.

A competencia para acordar a modificación corresponderalle ao organismo de bacía, que deberá instruír para o efecto o oportuno expediente, no cal se deberá practicar o trámite de información pública e o de audiencia aos concellos e comunidades autónomas en cuxo territorio se atopen os terreos gravados e aos propietarios afectados. A resolución deberá ser motivada e publicada, polo menos, no boletín oficial das provincias afectadas.

4. A execución de calquera obra ou traballo na zona de policía de leitos precisará a autorización administrativa previa do organismo de bacía, sen prexuízo dos supostos especiais regulados neste regulamento. Esta autorización será independente de calquera outra que deba ser outorgada polos distintos órganos das administracións públicas.»

Seis. O artigo 14 queda redactado do seguinte modo:

«1. Considéranse zonas inundables as delimitadas polos niveis teóricos que alcanzarían as augas nas enchentes cuxo período estatístico de retorno sexa de cincocentos anos, atendendo a estudos xeomorfolóxicos, hidrolóxicos e hidráulicos, así como de series de enchentes históricas e documentos ou evidencias históricas delas, a menos que o Ministerio de Medio Ambiente, por proposta do organismo de bacía, fixe, en expediente concreto, a delimitación que en cada caso resulte máis adecuada ao comportamento da corrente.

A cualificación como zonas inundables non alterará a cualificación xurídica e a titularidade dominical que tiveren eses terreos.

2. Os organismos de bacía darán traslado ás administracións competentes en materia de ordenación do territorio e urbanismo dos datos e estudos dispoñibles sobre enchentes, co obxecto de que se teñan en conta na planificación do solo e, en particular, nas autorizacións de usos que se acorden nas zonas inundables.

De igual maneira, os organismos de bacía trasladarán ao catastro inmobiliario e ás administracións competentes en materia de ordenación do territorio e urbanismo os deslindamentos aprobados definitivamente ou as súas delimitacións baseadas nos estudos realizados, así como das zonas de servidume e policía, co obxecto de que sexan incorporados no catastro e tidos en conta no exercicio das súas potestades sobre ordenación do territorio e

planificación urbanística, ou na execución do planeamento xa aprobado.

3. O conxunto de estudos de inundabilidade realizados polo Ministerio de Medio Ambiente e os seus organismos de bacía configurarán o Sistema nacional de cartografía de zonas inundables, que se deberá desenvolver en colaboración coas correspondentes comunidades autónomas e, de ser o caso, coas administracións locais afectadas. Nesta cartografía, ademais da zona inundable, incluírase de forma preceptiva a delimitación dos leitos públicos e das zonas de servidume e policía, incluídas as vías de fluxo preferente.

A información contida no Sistema nacional de cartografía de zonas inundables estará á disposición dos órganos da Administración estatal, autonómica e local.

Daráselles publicidade ao Sistema nacional de cartografía de zonas inundables de conformidade co disposto na Lei 27/2006, do 18 de xullo, pola que se regulan os dereitos de acceso á información, de participación pública e de acceso á xustiza en materia de ambiente.

4. O Goberno, mediante real decreto, poderá establecer as limitacións no uso das zonas inundables que xulgue necesarias para garantir a seguranza das persoas e os bens. As comunidades autónomas e, de ser o caso, as administracións locais, poderán establecer, ademais, normas complementarias da devandita regulación.»

Sete. Engádese un novo título VII, coa seguinte redacción:

## «TÍTULO VII

### **Da seguranza de presas, encoros e balsas**

#### CAPÍTULO I

##### **Disposicións xerais**

##### **Artigo 356. *Ámbito de aplicación.***

1. As disposicións contidas neste título serán de aplicación ás presas, encoros e balsas que cumpran algunha das condicións seguintes:

a) Que, en función das súas dimensións, estean clasificadas como grandes presas, consonte o establecido no artigo 358.a).

b) Que, aínda non sendo grandes presas, en función do seu risco potencial, sexan clasificadas nas categorías A ou B, consonte o establecido no artigo 358.b).

2. Exceptúanse do ámbito de aplicación deste título os depósitos de auga, as cámaras de carga, as chemineas de equilibrio, os diques de canalización de ríos e canles e outras estruturas hidráulicas que, tanto pola súa tipoloxía como pola súa función, difiran substancialmente das presas e encoros de auga.

3. Para os efectos de solicitude de clasificación e rexistro, quedan, así mesmo, incluídas no ámbito de aplicación deste título as presas e balsas cuxas dimensións superen os límites establecidos no artigo 367.1.

##### **Artigo 357. *Definicións.***

Para os efectos deste título, entenderase por:

a) Presa: estrutura artificial que, limitando en todo ou en parte o contorno dun recinto enclavado

no terreo, estea destinada ao almacenamento de auga dentro deste. Para os exclusivos efectos de seguranza, tamén se entenderán como tales as balsas de auga.

b) Altura da presa: diferenza de cota entre o punto máis baixo da cimentación e o punto máis alto da estrutura resistente, sen ter en conta os muros pantalla, as pantallas de impermeabilización, os recheos de fendas ou outros elementos semellantes.

c) Balsa: obra hidráulica consistente nunha estrutura artificial destinada ao almacenamento de auga situada fóra dun leito e delimitada, total ou parcialmente, por un dique de retención.

d) Altura de balsa: diferenza de cota entre o punto máis baixo da cimentación do noiro exterior do dique e o punto máis alto da estrutura resistente.

e) Encoro: obra hidráulica consistente nun recinto artificial para o almacenamento de auga limitado, en todo ou en parte, pola presa. Tamén se pode referir ao conxunto de terreo, presa e auga almacenada, xunto con todas as estruturas auxiliares relacionadas con estes elementos e coa súa funcionalidade.

f) Titular: será considerado como tal a persoa física ou xurídica, de dereito público ou privado, que teña inscrito no Rexistro de Seguranza de Presas e Encoros o título para construír ou explotar unha presa ou un encoro. En ausencia de inscrición ou cando, por calquera circunstancia, a inscrición non estiver actualizada e así for acreditado, considérase titular a persoa física ou xurídica que realice a construción ou leve a cabo a explotación.

## CAPÍTULO II

### Clasificación das presas e encoros. Fases

Artigo 358. *Clasificación das presas e encoros.*

As presas e encoros clasifícanse nas seguintes categorías:

a) En función das súas dimensións considérase gran presa aquela cuxa altura é superior a 15 metros e a que, tendo unha altura comprendida entre 10 e 15 metros, teña unha capacidade de encoramento superior a 1 hectómetro cúbico. Considérase pequena presa aquela que non cumpre as condicións da gran presa.

b) En función do risco potencial que poida derivar da súa posible rotura ou funcionamento incorrecto, clasifícanse nunha das tres categorías seguintes:

1.º Categoría A: presas cuxa rotura ou funcionamento incorrecto poden afectar gravemente núcleos urbanos ou servizos esenciais, ou producir danos materiais ou ambientais moi importantes.

2.º Categoría B: presas cuxa rotura ou funcionamento incorrecto pode ocasionar danos materiais ou ambientais importantes ou afectar un número reducido de vivendas.

3.º Categoría C: presas cuxa rotura ou funcionamento incorrecto pode producir danos materiais de moderada importancia e só incidentalmente perdas de vidas humanas. En todo caso, pertencerán a esta categoría todas as presas non incluídas nas categorías A ou B.

Artigo 359. *Fases na vida da presa.*

1. Enténdese por fases na vida da presa as distintas situacións que se diferencian no desenvolvemento e utilización das presas e encoros.

En función da actividade principal desenvolvida durante o período correspondente, as fases da presa denomínanse: proxecto, construción, posta en carga, explotación e posta fóra de servizo.

2. Os criterios para delimitar cada unha das mencionadas fases fixaranse nas normas técnicas de seguranza a que se refire o artigo 364.

## CAPÍTULO III

### Órganos competentes

Artigo 360. *Competencias en materia de seguranza.*

1. A Administración xeral do Estado é competente en materia de seguranza en relación coas presas, encoros e balsas situados no dominio público hidráulico nas demarcacións hidrográficas intercomunitarias, así como cando constitúan infraestruturas de interese xeral do Estado, sempre que lle corresponda a súa explotación.

2. As comunidades autónomas designarán os órganos competentes en materia de seguranza en relación coas presas, encoros e balsas situados no dominio público hidráulico cuxa xestión lles corresponda e, en todo caso, en relación coas presas, encoros e balsas situados fóra do dominio público hidráulico.

3. A Administración xeral do Estado e a das comunidades autónomas poderán asinar convenios de colaboración en materia de seguranza de presas, balsas e encoros.

Artigo 361. *Comisión Técnica de Seguranza de Presas.*

1. Créase a Comisión Técnica de Seguranza de Presas, como comisión técnica especializada da Comisión Nacional de Protección Civil.

2. A Comisión Técnica de Seguranza de Presas terá as seguintes funcións:

a) Emitir informe sobre os proxectos de disposicións de carácter xeral aplicables en todo o territorio nacional, en materia de seguranza de presas, encoros e balsas.

b) Emitir informe sobre as normas técnicas de seguranza.

c) Promover a sinatura de convenios de colaboración en materia de seguranza de presas, encoros e balsas, así como o intercambio de información entre as administracións competentes.

d) Elevar ás administracións competentes propostas relativas ao intercambio de información dos datos proporcionados polos rexistros de seguranza de presas e encoros, así como a colaboración e posta en común de experiencias dos devanditos rexistros.

e) Elevar ás administracións competentes propostas relativas ás condicións e procedemento para obter e renovar o título de entidade colaboradora en materia de control da seguranza de presas e encoros.

3. A comisión estará presidida polo secretario xeral para o Territorio e a Biodiversidade. A vicepresidencia primeira corresponderalle ao director xeral da Auga, que substituirá o presidente en caso de ausencia, e a vicepresidencia segunda ao director xeral de Protección Civil e Emerxencias. Actuará como secretario da comisión un dos vogais designados polo Ministerio de Medio Ambiente que para tal fin será nomeado por este. A comisión terá os seguintes vogais:

a) Pola Administración xeral do Estado: cinco vogais designados por cada un dos ministerios de

Medio Ambiente e Interior; e tres vogais designados por cada un dos ministerios de Industria, Turismo e Comercio e Agricultura, Pesca e Alimentación.

b) Un vogal designado por cada comunidade autónoma.

c) Un vogal designado por cada unha das cidades de Ceuta e Melilla.

d) Un vogal representante das entidades locais, designado pola asociación de ámbito estatal con maior implantación.

e) Tres vogais en representación dos usuarios.

f) Tres vogais en representación de asociacións con intereses no ámbito das presas, encoros e balsas.

Os vogais das alíneas e) e f) serán nomeados polo Ministerio de Medio Ambiente, consultando previamente coas asociacións dos sectores correspondentes.

4. A comisión adoptará o seu propio regulamento de funcionamento.

#### CAPÍTULO IV

##### **Réxime xurídico da seguranza das presas, encoros e balsas**

*Artigo 362. Control da seguranza da presa e encoro.*

1. Enténdese por control da seguranza da presa e o seu encoro o conxunto de actuacións que deben realizar as administracións públicas competentes en materia de seguranza para verificar o cumprimento por parte do titular da presa das diferentes normas técnicas de seguranza.

2. En materia de seguranza de presas e encoros correspóndelles ás administracións públicas competentes:

a) Aprobar a clasificación da presa.

b) Emitir informe sobre os proxectos, así como sobre as circunstancias concretas no momento de proceder a un intercambio de fase ou etapa na vida da presa, ou de se producir o outorgamento ou a renovación da concesión.

c) Inspeccionar a construción de novas presas, informando sobre o cumprimento dos requisitos de seguranza exixidos no proxecto.

d) Aprobar as normas de explotación e os plans de emerxencia da presa e encoro, co previo informe favorable preceptivo, neste último caso, da comisión correspondente de protección civil.

e) Avaliar o contido das revisións de seguranza e dos informes de seguranza.

f) Establecer, por razóns de seguranza, condicionantes á explotación ordinaria e ordenar baleirados parciais ou totais.

g) Velar polo cumprimento de todas e cada unha das obrigas que en materia de seguranza lle corresponden ao titular da presa.

h) Manter actualizado o Rexistro de Seguranza de Presas e Encoros.

*Artigo 363. Rexistro de Seguranza de Presas e Encoros.*

1. A Administración pública competente en materia de seguranza de presas e encoros creará un Rexistro de Seguranza de Presas e Encoros, no cal inscribirán todas as presas e encoros da súa competencia que superen os límites establecidos no artigo 367.1.

O contido mínimo deste rexistro, no ámbito da Administración xeral do Estado, será establecido polo Ministerio de Medio Ambiente mediante orde.

2. No devandito rexistro anotaranse, en todo caso, as resolucións administrativas que se diten en relación coa seguranza das presas e encoros, así como os informes emitidos en materia de control de seguranza.

3. Para os efectos estatísticos, cada unha das administracións públicas competentes en materia de seguranza de presas e encoros remitirá anualmente ao Ministerio de Medio Ambiente os datos dos seus correspondentes rexistros para a elaboración e mantemento dun Rexistro Nacional de Seguranza de Presas e Encoros.

*Artigo 364. Normas técnicas de seguranza de presas e encoros.*

1. As normas técnicas de seguranza, que serán aprobadas mediante real decreto, co informe previo da Comisión Técnica de Seguranza de Presas e da Comisión de Normas para Grandes Presas, establecerán as exixencias mínimas de seguranza das presas e encoros, graduándoas segundo a súa clasificación, e determinarán os estudos, comprobacións e actuacións que o titular debe realizar e aplicar en cada unha das fases da presa.

As exixencias de seguranza son aquelas condicións que deben cumprir as presas e encoros en todas as súas fases. O criterio básico para determinar as exixencias de seguranza será o risco potencial que poida derivar da súa rotura ou do seu funcionamento incorrecto, avaliado no proceso de clasificación da presa.

2. Así mesmo, as normas técnicas de seguranza establecerán os criterios básicos para a validación ou adaptación, de ser o caso, das actuacións e exixencias de seguranza nas presas e encoros existentes, que se realizasen de acordo coas normas ditadas antes da súa entrada en vigor.

3. Deberanse aprobar as seguintes normas técnicas de seguranza:

a) Norma técnica de seguranza para a clasificación das presas e para a elaboración e implantación dos plans de emerxencia de presas e encoros.

b) Norma técnica de seguranza para o proxecto, construción e posta en carga de presas e enchedura de encoros.

c) Norma técnica de seguranza para a explotación, revisións de seguranza e posta fóra de servizo de presas.

*Artigo 365. Entidades colaboradoras en materia de control da seguranza de presas e encoros.*

1. As entidades colaboradoras en materia de control da seguranza de presas e encoros son aquelas entidades públicas ou privadas que, mediante a obtención do título correspondente, quedan autorizadas a colaborar coa Administración pública competente nos labores de control, de carácter técnico ou especializado, relativos á seguranza de presas e encoros. A súa colaboración coa Administración pública competente exixirá a sinatura do correspondente contrato.

2. No ámbito da Administración xeral do Estado, as condicións e o procedemento para obter e renovar o título de entidade colaboradora, as actividades a que se pode estender a súa colaboración, así como as facultades e competencias do seu persoal que, en todo caso, estableza o Ministerio de Medio Ambiente mediante orde.

3. As administracións públicas competentes crearán un rexistro de entidades colaboradoras en materia de control da seguranza de presas e encoros.

No ámbito da Administración xeral do Estado, o contido do citado rexistro será establecido polo Ministerio de Medio Ambiente mediante orde.

**Artigo 366. *Suxeitos obrigados en materia de seguranza de presas e encoros.***

1. O titular da presa será o responsable da súa seguranza, para o cal estará suxeito ás correspondentes normas técnicas de seguranza.

2. Sen prexuízo do establecido no número 1, no ámbito da Administración xeral do Estado, terán a consideración de responsables da seguranza das presas e encoros:

a) As sociedades estatais, cando así se estableza no convenio polo que se rexen as súas relacións coa Administración xeral do Estado, naquelas presas e encoros cuxa construción e explotación se lles encomende conforme establece o artigo 132.2 do texto refundido da Lei de augas.

b) As comunidades autónomas, cando xestionen a construción ou explotación de presas ou encoros de interese xeral, en virtude do convenio específico ou encomenda de xestión, de acordo co que dispón o artigo 124.1 do texto refundido da Lei de augas.

c) As comunidades de usuarios ou xuntas centrais de usuarios, cando teñan encomendada a explotación de presas, balsas e encoros, en virtude do convenio de encomenda de xestión conforme establece o artigo 125.1 do texto refundido da Lei de augas.

3. O convenio que se subscriba en cada un dos supostos anteriores establecerá con precisión os termos da encomenda respecto das obrigas relativas á seguranza de presas e encoros, de maneira que se asegure o estrito cumprimento das obrigas que se impoñen neste regulamento.

**Artigo 367. *Obrigas do titular.***

1. Os titulares de presas e balsas de altura superior a 5 metros ou de capacidade de encoramento maior de 100.000 m<sup>3</sup>, de titularidade privada ou pública, existentes, en construción ou que se vaian construír, estarán obrigados a solicitar a súa clasificación e rexistro. A resolución de clasificación deberá ditarse no prazo máximo dun ano.

2. Para os efectos previstos no artigo anterior, o titular deberá dispor dos medios humanos e materiais para garantir o cumprimento das súas obrigas en materia de seguranza.

3. Ademais do indicado nos números anteriores, ao titular da presa que se encontre dentro do ámbito de aplicación establecido no artigo 356 correspóndelle as seguintes obrigas:

a) Cumprir as normas técnicas de seguranza a que se refire o artigo 364.

b) Contar con solvencia económica suficiente para facer fronte ás exixencias de seguranza das súas presas e encoros.

c) Asumir as condicións e adoptar as medidas que, a xuízo da Administración pública competente, poidan ser precisas nas distintas fases da vida da presa por motivos de seguranza.

d) Facilitar á Administración pública competente, se é requirido para iso, calquera información de que dispoña en relación coa seguranza da presa e o encoro.

e) Permitir o acceso dos representantes da Administración pública competente e, de ser o caso, das entidades colaboradoras, a todas as instalacións cando for necesario para o exercicio das funcións previstas neste regulamento.

f) Comunicar á Administración pública competente en materia de seguranza calquera actuación que poida alterar o nivel de seguranza da presa ou encoro.

4. No ámbito da Administración xeral do Estado, as condicións, procedementos e prazos para que o titular poida cumprir coas obrigas impostas por este título serán as que estableza o Ministerio de Medio Ambiente mediante orde.

No suposto de que se transmita a titularidade da presa, o novo titular subrogarase en todas as responsabilidades e obrigas que este título lle atribúe ao anterior titular. O titular deberá comunicar á Administración pública competente a transmisión da presa que se propón realizar e solicitar a súa inscrición no Rexistro de Seguranza de Presas e Encoros.

**Artigo 368. *Réxime sancionador aplicable en materia de seguranza de presas, encoros e balsas.***

O incumprimento das obrigas en materia de seguranza previstas neste título dará lugar á aplicación do réxime sancionador previsto no texto refundido da Lei de augas, e desenvolvido no título V deste regulamento.»

Oito. Introdúcese unha nova disposición adicional única coa seguinte redacción:

«Disposición adicional única. *Réxime xurídico das presas, encoros e balsas mineiras.*

As presas, balsas e encoros que almacenen estériles mineiros e as de residuos rexeranse pola súa lexislación específica.»

**Disposición transitoria primeira. *Normativa aplicable ás presas e encoros existentes.***

1. Mentres non se aproben as normas técnicas de seguranza a que se refire o artigo 364 do Regulamento do dominio público hidráulico, seguirán sendo de aplicación o Regulamento técnico sobre seguranza de presas e encoros, aprobado pola Orde do Ministerio de Obras Públicas, Transportes e Medio Ambiente do 12 de marzo de 1996, e a Instrución para o proxecto, construción e explotación de grandes presas, aprobada por Orde do Ministerio de Obras Públicas do 31 de marzo de 1967.

2. En relación coas presas que se encontren en explotación no momento da entrada en vigor deste real decreto, nas cales non se efectuase a primeira revisión de seguranza a que se refire o Regulamento técnico sobre seguranza de presas e encoros, aprobado por Orde do Ministerio de Obras Públicas, Transportes e Medio Ambiente do 12 de marzo de 1996, a devandita revisión realizarase nos termos que estableza a norma técnica de seguranza para a explotación, definida no artigo 364.3.c) do Regulamento do dominio público hidráulico, no prazo máximo de tres anos para as presas da categoría A, de catro anos para as presas da categoría B e de seis anos para as presas da categoría C, contados desde a entrada en vigor da devandita norma técnica.

3. Os titulares de presas en explotación que, no momento da entrada en vigor das normas técnicas de seguranza, teñan aprobadas determinadas actuacións de seguranza de acordo coa normativa anterior, deberanas adaptar ás exixencias que se determinan neste real decreto e nas disposicións que se diten para o seu desenvolvemento. O prazo de adaptación será de tres anos, contados desde a entrada en vigor das normas técnicas de seguranza definidas no artigo 364 do Regulamento do dominio público hidráulico.



**Disposición transitoria segunda.** *Procedemento aplicable aos expedientes xa iniciados ao abeiro da anterior normativa sobre seguranza de presas.*

1. Os expedientes relativos a actuacións de seguranza da presa ou o seu encoro iniciados con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto, resolveranse de acordo coas exixencias da normativa vixente no momento da solicitude, sen prexuízo da necesidade de adaptar posteriormente as devanditas actuacións de seguranza ás novas exixencias establecidas neste real decreto e nas normas técnicas de seguranza no prazo fixado no punto terceiro da disposición transitoria primeira.

2. Os titulares de presas que, no momento da entrada en vigor deste real decreto, contén con proxectos aprobados, en fase de construción ou en fase de posta en carga, finalizarán a construción ou posta en carga da presa de acordo coas exixencias establecidas na normativa anterior, sen prexuízo de adaptar posteriormente as devanditas actuacións de seguranza ás novas exixencias establecidas neste real decreto e nas normas técnicas de seguranza no prazo fixado no punto terceiro da disposición transitoria primeira.

**Disposición transitoria terceira.** *Procedemento e prazos para a clasificación obrigatoria das presas.*

No prazo dun ano a partir da entrada en vigor deste real decreto, os titulares de presas deberán presentar á Administración pública competente unha proposta razoada de clasificación da presa, de acordo co artigo 367.1. A proposta deberase resolver no prazo máximo dun ano. Unha vez clasificada a presa, comezará a contar o prazo establecido nos números 2 e 3 da disposición transitoria primeira.

**Disposición transitoria cuarta.** *Convenios subscritos con entidades colaboradoras.*

Os convenios que subscribíse con anterioridade á entrada en vigor deste real decreto o Ministerio de Medio Ambiente ou os seus organismos autónomos coas entidades colaboradoras a que se refire o artigo 365, deberán ser adaptados ás exixencias deste real decreto no prazo dun ano desde a súa entrada en vigor.

**Disposición transitoria quinta.** *Presas situadas en demarcacións hidrográficas intracomunitarias non traspasadas.*

Nas demarcacións hidrográficas intracomunitarias cuxa xestión non fose aínda obxecto de traspaso á correspondente comunidade autónoma, a Administración xeral do Estado exercerá as competencias en materia de seguranza de presas e encoros mentres non teña lugar o devandito traspaso.

**Disposición derradeira primeira.** *Título competencial.*

1. Este real decreto dítase ao abeiro do disposto no artigo 149.1.22.<sup>a</sup> e 23.<sup>a</sup> da Constitución, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de lexislación, ordenación e concesión de recursos e aproveitamentos hidráulicos cando as augas discorran por máis dunha comunidade autónoma, e de lexislación básica sobre protección do ambiente, respectivamente.

2. Adicionalmente, os puntos seis, sete e oito do artigo único e as disposicións transitorias dítanse ao abeiro do artigo 149.1.29.<sup>a</sup>, que lle atribúe ao Estado a competencia exclusiva en materia de seguranza pública.

**Disposición derradeira segunda.** *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 11 de xaneiro de 2008.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno  
e ministra da Presidencia,

MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ

**823**

*REAL DECRETO 1728/2007, do 21 de decembro, polo que se establece a normativa básica de control que deben cumprir os operadores do sector lácteo e se modifica o Real decreto 217/2004, do 6 de febreiro, polo que se regulan a identificación e o rexistro dos axentes, establecementos e contedores que interveñen no sector lácteo, e o rexistro dos movementos do leite. («BOE» 15, do 17-1-2008.)*

O Real decreto 217/2004, do 6 de febreiro, polo que se regulan a identificación e o rexistro dos axentes, establecementos e contedores que interveñen no sector lácteo, e o rexistro dos movementos do leite, estableceu as bases do sistema de rastrexabilidade para o leite no noso país e creou un rexistro informatizado chamado «base de datos Letra Q». No preámbulo do citado real decreto prevese a futura inclusión na devandita base de datos de toda a información relativa á calidade do leite a fin de mellorar a información de que dispoñen os operadores do sector.

A nova regulamentación comunitaria en materia de hixiene alimentaria, de aplicación desde o 1 de xaneiro de 2006, consagra a responsabilidade dos distintos axentes da cadea alimentaria na produción de alimentos seguros, establece os controis oficiais que deben realizarse en cada etapa de produción e transformación, e a supervisión de tales controis polas autoridades competentes. No ámbito da produción leiteira, os regulamentos (CE) n.º 852/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, relativo á hixiene dos produtos alimenticios, e (CE) n.º 853/2004 do Parlamento Europeo e do Consello, do 29 de abril de 2004, polo que se establecen normas específicas de hixiene dos alimentos de orixe animal, establecen, respectivamente, as normas xerais e específicas relativas á hixiene da produción do leite.

Este real decreto desenvolve os citados regulamentos para establecer os controis mínimos obrigatorios que deben realizar os operadores económicos vinculados á produción do leite cru de vaca en todas as súas etapas, así como para que todos os operadores e laboratorios do sector lácteo actúen de maneira homoxénea. Estes controis mínimos obrigatorios poderán estar integrados no sistema de autocontrol deseñado polos operadores económicos.

Así, séntanse as normas comúns para a toma de mostras e análises, e defínense as condicións exixibles aos laboratorios de análises, co fin de lograr unha maior transparencia nas relacións entre os axentes que forman parte da cadea de produción e comercialización, dando unha maior seguranza e confianza para o consumidor.

Ao longo do proceso de produción do leite, realizáranse dous tipos de controis de calidade por persoal especializado, un na propia explotación, previo á carga do leite na cisterna de transporte, e outro no centro lácteo, previo á descarga do leite da cisterna de transporte. Estes controis inclúen a toma de mostras de leite cru de vaca.